

ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

ESPECIALIDADE: DESEÑO DE MODA

PROXECTO FINAL DE CARREIRA

O proxecto final de carreira consiste na concepción e desenvolvemento dun proxecto de deseño orixinal no ámbito da especialidade cursada.

Aínda que se permite a matrícula tendo ata 21 créditos pendentes, a superación do proxecto final require ter aprobadas a totalidade das materias do currículo.

CONVOCATORIAS

O alumnado disporá de dúas convocatorias para superar o Proxecto Final de Carreira. Excepcionalmente poderase solicitar unha convocatoria extraordinaria.

CALENDARIO

CONVOCATORIA ORDINARIA (OUTUBRO - XANEIRO)

1. **INSCRIPCIÓN PARA PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS E ELECCIÓN DE TITOR/A:** no prazo que fixe a Escola, na segunda quincena do mes de setembro.
2. **PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS :** cando o acorde o Tribunal, nos dez días seguintes ao fin do prazo de inscrición -consultar taboleiro-. As propostas presentaranse oralmente diante do Tribunal, que as valorará como ACEPTADO ou NON ACEPTADO. No caso de propostas non aceptadas o alumno/a introducirá as modificacións propostas polo Tribunal ou presentará unha nova proposta, no prazo fixado polo Tribunal.
3. **MATRÍCULA :** no prazo que acorde o Tribunal -consultar taboleiro-. Poderán matricularse os alumnos/as aos que o Tribunal acepte a proposta e teñan un máximo de 21 créditos pendentes.
4. **ENTREGA DO PROXECTO:** Na Secretaría da Escola, na segunda quincena de xaneiro, na data que fixe o Tribunal.
5. **DEFENSA DO PROXECTO:** Na data e hora que fixe o Tribunal.

A superación do PFC requirirá ter aprobada a totalidade das materias do currículo

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (MARZO - XUÑO)

1. **INSCRIPCIÓN PARA PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS E ELECCIÓN DE TITOR/A:** no prazo que fixe a Escola, na segunda quincena de febreiro.
2. **PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS:** cando o acorde o Tribunal, nos dez días seguintes ao fin do prazo de inscrición -consultar taboleiro-.
3. **MATRÍCULA :** no prazo que acorde o Tribunal -consultar taboleiro-.
4. **ENTREGA DO PROXECTO :** Na Secretaría da Escola, na segunda quincena de xuño, na data que fixe o Tribunal.
5. **DEFENSA DO PROXECTO:** Na data e hora que fixe o Tribunal.

CUALIFICACIÓN

O Proxecto Final cualificarase cunha nota numérica de 1 a 10, con dous decimais. Superarase cunha cualificación igual ou superior a 5.

ELECCIÓN DE TITOR/A

O alumnado, antes da presentación da proposta, poderá elixir o titor de entre o profesorado do equipo docente da especialidade.

Na solicitude de inscrición presentará unha relación, por orde de preferencia, de tres posibles titores. O presidente do tribunal, logo de ver as solicitudes, decidirá a adxudicación das titorías. Cada profesor/a poderá levar a titoría dun máximo de catro proxectos.